

ANTEPROXECTO
COMUNICADO Nº 330/23
5 DE DECEMBRO DE 2023

2024

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE
GALICIA DE RALLYMIX 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 REGULAMENTOS.

ARTIGO 2 SERÁN DE APLICACIÓN, POR ORDE DE PRELACIÓN.

ARTIGO 3 DEFINICIÓNS DENTRO DUN RALLYMIX

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 DEREITOS DE INSCRICIÓN, XENERALIDADES.

ARTIGO 6 MODELO DE REGULAMENTO TIPO.

ARTIGO 7 CLASIFICACIÓN DAS PROBAS.

ARTIGO 8 DESENROLO DO RALLYMIX.

ARTIGO 9 NORMAS, DURACIÓN E CLASIFICACIÓN DA PROBA.

ARTIGO 10 RECOÑECEMENTOS.

ARTIGO 11 CARREIRA.

ARTIGO 12 PARQUES.

ARTIGO 13 PUNTUACIÓNS.

ARTIGO 14 CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.

ARTIGO 15 EMPATES.

ARTIGO 16 CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX.

ARTIGO 17 PENALIZACIÓNS.

ARTIGO 18 SISTEMA GPS

ARTIGO 19 PREMIOS E TROFEOS.

ARTIGO 20 OBSERVADOR.

ARTIGO 1 REGULAMENTO

A F.G.A. establece para o 2024, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Rallymix:

- Campionato de Galicia de Rallymix Clase A
- Campionato de Galicia de Rallymix Clase B
- Campionato de Galicia de Rallymix Pilotos
- Campionato de Galicia de Rallymix Copilotos
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Rallymix para a Agrupación 6.
- Copa de Galicia de Rallymix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G.A.).
- Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A.

Artigo 2 SERÁN DE APLICACIÓN, POR ORDEN DE PRELACIÓN.

- a)** As prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2024.
 - b)** As prescricións comúns para rallymix, rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo e ralliesprint.
 - c)** O presente Regulamento Xeral.
 - d)** O Regulamento Particular da proba.
 - e)** O C.D.I.
 - f)** As Prescricións Xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A.
 - g)** No seu caso, as condicións de Organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa de Rallyes e os Regulamentos Xerais dos mesmos.
- 2.1.-** As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización e seguridade establecidas no C.D.I.
- 2.2.-** Para a aprobación dos regulamentos, as entidades organizadoras deberán presentalo á F.G. de A., **70 días** antes da data prevista para o inicio da competición ademais do rutómetro e libro de seguridade, obrigatoriamente.
- 2.3.-** Reparto de Premios: O reparto de premios terá lugar, salvo casos de forza maior, trinta minutos despois da apertura do parque pechado.
- Os premios en metálico terán un prazo de 90 días naturais a contar dende o día da proba para ser aboados aos gañadores dos mesmos.**
- 2.4.-** O regulamento particular tipo de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado pola F. G. de A. De non ser así o regulamento será rexeitado pola F.G. de A.

Artigo 3. DEFINICIONS.

- 3.1 Inicio do rallymix.** Un rallymix comeza no momento da publicación do seu Regulamento particular. A parte competitiva coas verificacións aínda que sexan optativas.
- 3.2 Etapa.** Cada unha das partes do rallymix realizadas en xornadas diferentes. En ningún caso se pode pasar das horas indicadas no Anexo 1 Normas a cumprir , de este Regulamento.
- 3.3 Treito cronometrado.** Parte do itinerario que na que se desenrola a proba de velocidade pechada o tráfico.
- 3.4 Sector de enlace.** Son as partes do itinerario que non son cerradas o tráfico. A velocidade media imposta non pode ser de mais de 50 km/h, controlada por GPS, recoméndase evitar os

enlaces con tráfico aberto en esta disciplina, debendo delimitar correctamente os carrís de enlace de así facelo.

3.5 Neutralización. Tempo no cal un equipo esta parado polo organizador por calquera motivo, durante o cal se atopa en réxime de parque pechado.

3.6 Parque pechado e Réxime de Parque pechado. Denomínase PARQUE PECHADO a zona de control na que esta prohibida calquera reparación, salvo os casos previstos deste Regulamento ou no Regulamento particular. Durante o RÉXIME DE PARQUE PECHADO esta prohibida calquera operación, comprobación, preparación e reparación de vehículos, soamente os autorizados previamente.

De non existir, o Organizador disporá dun lugar no cal os vehículos pasen a Réxime de parque pechado, mentres non se realiza ou se comproba os requirimentos polos cales foron citados polos CC.DD, ou para levar a cabo unhas verificacións finais.

3.7 Zona de control. Zona comprendida entre a presaída e saída da carreira.

3.8 Parque de Asistencia. Zona na cal os vehículos se poderán reparar ou estacionar de non existir Parque Pechado sempre e cando non sexan requiridos polo CC.DD, se este fose así na entrada do Parque de traballo seralle comunicado á tripulación do vehículo para que se dirixa a zona habilitada sen deterse en ningún momento, baixo pena de exclusión, para pasar a estar custodiado pola Organización sen opción ningunha a manipular o vehículo. O Organizador deixará unha distancia mínima de 100 mt entre o Parque de traballo e pre-saída para poder reorganizar vehículos se fose necesario.

3.9 Asistencia prohibida. A utilización ou recepción por parte do equipo, de calquera material manufacturado(sólido ou líquido, salvo proporcionado pola organización), de pezas de recambio, ferramentas ou útiles, excepto os transportados no vehículo de competición, ou a presenza de persoal do equipo tal como define o artigo. Tamén se considera Asistencia prohibida o abandono do percorrido, así como remolcar ou empurrar o vehículo por persoas ou elementos distintos a tripulación, ben sexa directamente ou a través da propia tripulación ou de calquera elemento que se interpoña sobre o vehículo.

3.10 Recoñecementos. No regulamento da proba figurará o programa específico durante o cal os equipos poderán recoñecer o percorrido. A presenza do equipo nun treito fora de eses horarios se considera que son ilegais, queda prohibido calquera tipo de adestramento os venres aínda que existan verificacións optativas

3.11 Fin do rallymix. A competición finaliza coa publicación final. A parte competitiva finaliza ao entrar no Parque de Traballo ou Pechado despois da derradeira Manga do Domingo. Si se tivera que tomar algunha decisión acabada a proba pódese seguir os pasos do C.D.I.

3.12 Carné de control. Publicarase a hora para presentarse na presaída de cada equipo na App Sportity, un control horario en presaída comprobará a chegada dos equipos no seu minuto correspondente.

3.13 Complemento. Documento oficial por escrito que forma parte do regulamento particular do Rallymix, destinado a modificar, precisar ou completar o regulamento. Os complementos deberán estar coa data e numerados e se deberan publicar na App Sportity e no taboleiro de anuncios. Os concursantes ou membros dos equipos deben de firmar un acuse de recibo sempre de sexa posible e os complementos serán publicados por:

- a) Organizador ata o comezo das verificacións. Deberán estar sometidos a aprobación da F.G.A.
- b) Polos Comisarios deportivos durante o desenrolo da proba, salvo en casos nos que sexa para modificacións de itinerario que poden ser publicados polo Director da proba.

3.14 Comunicado. Documento oficial por escrito de natureza informativa, que pode ser emitido polos Comisarios Deportivos ou polo Director da proba. Terá que ser posto na App Sportity e no Taboleiro de anuncios de non ser unicamente virtual.

3.15 Decisión. Documento emitido polo Director da proba ou polos Comisarios Deportivos para comunicar as súas conclusións sobre unha enquisa, audiencia ou investigación.

3.16 Concursante. Persoa física ou xurídica que ten unha licenza de concursante, valedoira para o ano en curso.

3.17 Tripulación. A tripulación esta composta por 2 persoas a bordo dun vehículo designadas como Piloto e Copiloto ou unicamente Piloto según vehículo ou inscrición. Deben ter licenza que lle corresponde do ano en curso. O Piloto asume a responsabilidade do concursante cando este non estea a bordo.

3.18 Equipo. Ademais da tripulación, defínese como Equipo a toda persoa relacionada co mesmo, calquera labor que faga, polo que estarán expostos a ser xulgados deportivamente de igual maneira repercutindo na tripulación.

Artigo 4 ASPIRANTES.

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

Para participar na modalidade RallyMix déixase a criterio do participante, de facelo con copiloto ou sen copiloto, sen penalizala participación a ningún efecto.

De facelo con copiloto será o mesmo para toda a proba, non podendo modificar o mesmo nin saír sen copiloto. De inscribirse sen copiloto non poderá ser engadido despois da publicación da Lista de Inscritos selada e aprobada pola federación. Tódolos pilotos deberán telo Carné de conducir en vigor. **Fíxase o límite de inscritos no Campionato Galego de Rallymix en 100 equipos por proba, podendo excederse mediante petición e aprobación por parte da F.G. de A.**

Artigo 5 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

5.1.- Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2024 serán admitidos a participar.

5.2.- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 3 a 8, (incluídas), ó selo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.

5.3.- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.

5.4.- Os ATV/SSV biprazas, prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo e seguiran a normativa en canto elementos de seguridade da súa clase, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcross e deseguido, antes dos vehículos carrozados.

5.5.- Os carcross, da especialidade de Autocross, e **os ATV/SSV, admítense con clasificación independente (Clase A).**

Farase unha clasificación xeral por Clases con premios en metálico e trofeos.

Tódolos vehículos deberan cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

5.6.- Todos os carcross deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180 mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para este vehículos (para facilitar a labor dos comisarios de pista e cronometradores).

5.7.- Nos carcross é obrigatorio a instalación dun extintor de alomenos 2 kg e triangulo.

5.8.- É obrigatorio a instalación de arandelas planas nas rótulas Uniball, nos carcross, nos trapecios. Así evitase a saída e que se solte a rótula no caso de rotura.

5.9.- É obrigatorio a instalación de luz de polvo/choiva, traseira, nos carcross.

5.10.- Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.

5.11.- Queda totalmente prohibida a considerada roda de "taco" nos carcross e permítese a utilización libre nos pneumáticos en canto a compostos, marca e número de xogos a empregar o "raiado" dos mesmos.

5.12.- Motores dos carcross ao igual que no Autocross deberán estar de "estrita" serie.

5.13.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices, sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A.

FIA CrossCar (Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI). Poderán levar policarbonatos dun mínimo de 3mm ou cristais de tipo parabrisas (laminado interiormente) en substitución da reixa de autocross. O uso de gafas só é obrigatorio como medida de seguridade, no caso de que unha das partes do carcross non estea totalmente pechado. Obrígase ao uso de cortacintos.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos con motor ata 1.600 c.c

AGRUPACIÓN 3: Vehículos con motor +1.601 ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos con motor +2.001 ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Motor de máis de 3.001 c.c. prototipos de 1 ou 2 motores de moto e vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6: Vehículos propulsión traseira, respectando a fisionomía de serie sen ser chasis tubular.

5.14.- Tódolos vehículos de Clase B deberán tomar a saída con roda de reposto válida para o vehículo en cuestión xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución así coma o triangulo (debidamente suxeitas). Os SCC de non ter lugar específico para levala poderán estar exentos desta norma. No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; polo que se lle aplicará o tratamento de vehículo non saído.

Os vehículos de categoría F.I.A. N5 e R5, non terán a obriga de utilizar brida restrictora.

5.15.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.

Artigo 6 DEREITOS DE INSCRICIÓN, XENERALIDADES.

6.1.- Establécese un máximo de dereitos de inscrición de **260€ +30 GPS (OBRIGATORIO)** os pilotos deberán aportar o soporte do mesmo, aceptando a publicidade da Organización, e 520 €, non aceptando a mesma.

6.2.- Unicamente subirán a recoller os trofeos ao podium o piloto ou no caso de levar copiloto os dous membros, queda prohibido que suban nenos ao podium para evitar a difusión de imaxes con menores.

6.3.- A non presentación a recollelos trofeos-premios suporá a perda dos mesmos.

6.4.- Establecerase un mínimo de premios de:

XERAL A	PREMIOS POR AGRUPACIÓNS	
1º 350 € e Trofeo	CLASE A	
2º 250 € e Trofeo	CARCROSS (Ag. 1)	SSV OFF ROAD
3º 150 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º Trofeo
4º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
TOTAL: 850 €	TOTAL: 600 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO CLASE A: 1.450 €EUROS.		

XERAL B	PREMIOS POR AGRUPACIÓNS		
1º 450 € e Trofeo	CLASE B		
2º 350 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)	
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
6º 150 €			
7º 100 €	DE 2.000 C.C. A 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)	PROPULSIÓN TRASEIRA (AG. 6)
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL: 1.900 €	TOTAL: 3.000 €		
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO CLASE B: 4.900€EUROS.			

Artigo 7 MODELO REGULAMENTO.

O regulamento particular de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado pola Federación Galega de Automobilismo podendo ser rexeitado se non cumpre esta norma.

A F.G. de A. Designará un Comisario Técnico e un Comisario Deportivo da FGA, outro Comisario Deportivo sairá do cadro da FGA o terceiro será posto polo comité Organizador en cada proba coa finalidade de unificar criterios ao longo do Campionato e dotar de seriedade e rigor as verificacións técnicas.

O organizador deberá deixar constar no Regulamento e libro de Seguridade a recomendación da realización de probas de alcoholemia para que os corpos de seguridade teñan constancia disto.

Artigo 8 CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS.

Normas a cumprir: Serán establecidas as clasificacións seguintes:

- 8.1.- Unha clasificación xeral absoluta scratch (conxunta Clase A e Clase B).
- 8.2.- Unha clasificación xeral absoluta para Clase A.
- 8.3.- Unha clasificación xeral absoluta para a Clase B.
- 8.4.- Unha clasificación por Agrupacións 1, SSV OFF ROAD, 2, 3, 4, 5 e 6 individuais.
- 8.5.- Unha clasificación traseiras (Clase B)
- 8.6.- Unha clasificación para Escuderías (Clase A e Clase B) segundo criterio do Art. 5 dos Regulamentos Xerais do Campionato e Copas de Galicia para Escuderías.
- 8.7.- Se o Organizador prevea algunha clasificación máis, deberá facelo constar no Regulamento Particular da proba.
- 8.8.- Unha clasificación para os trofeos e copas de promoción que designe a F.G. de A.

Artigo 9 DESENROLO DO RALLYMIX.

Terá unha tanda de recoñecemento libre cun máximo de 3 pasadas polo treito, o sábado no horario establecido no regulamento particular (máximo hora e media), sendo imprescindible que pasarán as verificacións administrativas antes de recoñecer o treito, non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 quilómetros./hora.

Recoméndase en previsión dunha inscrición ampla, reflexar no Regulamento Particular ou en Complemento posterior a posibilidade de verificar optativamente o venres anterior a partir das 18h, coa finalidade de axilizar o traballo do Organizador. En caso de levalo a cabo deberá publicarse con un mínimo de 72h antes do comezo das mesmas.

Formatos do RallyMix:

TIPO A: Tres pasadas oficiais o sábado, dúas pasadas oficiais o domingo.

TIPO B: Dúas pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo.

TIPO C: Tres pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo.

O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 1 metro antes da liña de toma de tempos (fotocélulas).

De ter que interromper a derradeira manga do sábado, por falta de luz, poderase rematar o Domingo, antes do comezo das mangas oficiais da xornada, deberase de recortar unha clase enteira sen que ningún destes tome saída para garantir a igualdade de condicións no día que compitan.

Artigo 10 NORMAS, DURACIÓN E CLASIFICACIÓN DA PROBA.

10.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros cunha tolerancia dun 15%. Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

10.2.- Obrígase que a saída e a chegada se faga en asfalto obrigatoriamente, con alomenos unha lonxitude da mesma de 25 metros dende a liña das fotocélulas, antes do primeiro cambio a superficie de terra.

10.3.- Crearase unha zona de presaída debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos e un comisario, os técnicos comprobarán que os participantes vaian cumprindo as normas de seguridade (levar a roda de repostos, casco, luvas, hans, triángulo etc.). O comisario deberá controlar que os vehículos chegan no seu minuto correcto e dar traslado si algún participante non está a disposición del na presaída no seu minuto.

Recoméndase facer unha presaída ampla para poder recolocar vehículos si fose necesario.

10.4.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

10.5.- O número máximo de pasadas polo treito será de seis a computar no RallyMix. Por operatividade o número de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, o domingo de 3/2, ou 3/3. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión das mangas a celebrar, no caso de aprazarse parcialmente unha manga para o día seguinte será sempre nunha clase completa.

10.6.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

10.7.- Os equipos deberán levar o GPS nun lugar visible e accesible do vehículo, suxeito de maneira que evite o desprendemento deste cada vehículo deberá ter unha base visible para a súa colocación.

10.8.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, carcross, trial, 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

10.9.- Publicarase en formato dixital, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto, e enviarase a F.G.A. xunto co Regulamento Particular. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba. Recoméndase a publicación na páxina da F.G.A. o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.

10.10.- BRIEFING: O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente baixo pena de exclusión.

10.11.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo, dun tamaño claramente visible.

10.12.- TRIANGULO: Os equipos participantes deberán levar consigo un triángulo regulamentario para vehículos como medida de seguridade, en caso de ter que deterse no treito por avaría ou saída de pista deberán colocar o triángulo o antes posible un mínimo de 50mt antes do vehículo. **Do lado onde se atope o obstáculo** para que os pilotos que veñen inmediatamente interpreten o lado da pista que deben utilizar, non cumprir esta normativa será EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

10.13.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocaranse as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

10.14.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado-traballo onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). **Ca utilización da App Sportity, esta poderá ser o Taboleiro oficial podendo así prescindir dos anteriormente citados.**

10.15.- Emitirase pola App Sportity a hora de presentación en pre-saída dos pilotos en cada manga. **Aínda con isto deberán estar a disposición dos Comisarios e Organizador 20 minutos antes da saída teórica. Calquera requirimento en canto adianto do horario estimado ou retraso sería comunicado pola mesma App.**

10.16.- Realizar Parque Pechado de final de etapa e optativo para o Organizador, de facerse debe garantirse a seguridade dos vehículos mediante vixilancia que controle en todo momento o acceso a dito Parque, durante a proba deberá estar un espazo preparado como Parque pechado para poder desenrolar verificacións itinerantes ou finais da proba.

10.17.- Recoméndase ó organizador deberá contar con baño público habilitado no parque de traballo.

Artigo 11 RECOÑECEMENTOS.

11.1.- Os recoñecementos libres deberán ter unha duración máxima de hora e media e so poderán facerse o día da proba no horario estipulado por Regulamento, nunca podendo solaparse co horario de verificacións quedando limitados a un máximo de 3 pasadas polo treito para cada equipo. Nos recoñecementos só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecelo treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa. E obrigatorio baixo traslado ao CC.DD. levar o número de adestramento correctamente pegado no momento que o Oficial controle o número de pasada.

11.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 € ou 1 minuto a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

11.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

11.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 11.2 e 11.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

11.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

11.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control riguroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

11.7.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

11.8.- Os recoñecementos libres só se autorizaran o sábado pola mañá, e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60 quilómetros por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa ó equipo.

Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

11.9.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos los efectos, e apertura de expediente disciplinario.

Artigo 12 CARREIRA.

12.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito na saída do treito ou as súas proximidades. O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB, da saída do vehículo 0 (Director de carreira en estrada).

12.2.- Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallymix.

12.3.- Presaída: O xefe de posto revisará hora de chegada e boa colocación dos participantes e os comisarios técnicos comprobarán as medidas de seguridade (arneses, casco, vestimenta, extinción, triángulo..) así como a existencia de roda de reposto nas condicións establecidas no Regulamento.

12.3.1.- O xefe de posto, encargarse de situalo vehículo. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe, de fallar a pantalla poderase dar as saídas a man seguindo a hora "patrón" que figura na páxina da F.G. de A.

12.4.- A saída darase lanzada, cun mínimo de 1 metro por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

12.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa clase (A ou B) contabilizárase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización taxada.

12.5.1.- Cando un participante contabilizase como non saído no treito, daráselle o tempo do peor clasificado da súa Clase (A ou B) e sumarase unha penalización de +5' en dita manga.

12.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes e situar o triángulo a unha distancia prudencial do lado no cal se encontra o vehículo. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o equipo que entorpeza ou deteña a outro participante sen causa xustificada, será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

12.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado nesa manga da Clase, a que pertenza, máis 1'. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, podendo continuar no RallyMix. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

12.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, impedimento de paso doutro vehículo ou por motivos organizativos aplicaráselle o seu peor tempo da xornada do sábado ou domingo. Deberá aparecer na clasificación das mangas con asterisco (pendente de adxudicación tempo Art. 12.8) ata poder asignarllo ao final da xornada, ao non ter tempo na manga do incidente aplicarase momentaneamente o peor da súa clase a expensas da asignación do tempo. Sen importar a manga na que se produza.

12.9.- No caso de asignación de tempos o sábado e o domingo son consideradas etapas diferentes non podendo asignar tempos dunha etapa anterior.

12.10.- Se un equipo non ten tempos propios por causas alleas a súa vontade nunha xornada completa considerarase tempo propio o asignado polos Comisarios Deportivos dentro da súa agrupación co fin da aparición na clasificación final.

12.11.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque pechado-traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN.

12.12.- Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

12.13.- Terase en saída un mínimo de 2 vehículos de tiro (4x4) ademais dunha grúa plataforma.

12.14.- Recoméndase o uso de 1 ambulancia 4x4., ademais das ambulancias SVA e SVB obrigatorias.

12.15.- O coche R deberá situarse na saída do treito para dar atención médica ó parque de traballo e a proba dende o inicio evitando así manobras que retrasen á intervención.

12.16.- Chicans.- Según o Artigo ARTIGO 24.- NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS "CHICANS" EN MONTAÑA E RALLYMIX das prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. Poderán instalarse por motivo de seguridade pero non serán penalizables.

12.17.- Os comisarios técnicos poderán levar a cabo verificacións itinerantes ao longo de todo o percorrido da proba sempre e cando o soliciten ao CC.DD. e estes o aproben. Deberán levantar acta de cada unha das súas actuacións.

12.18.- Os pilotos que sufran unha saída de pista con atención médica e posterior traslado a un centro asistencial, non poderán retomar a Carreira en ningunha das mangas do fin de semana.

Artigo 12 PARQUES.

12.1.- O parque de traballo, será sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado. No caso de facer parque pechado terá que estar ubicado dentro do parque traballo ou nos seus aledaños, **poderán ser citados os pilotos e os seus vehículos polo CC.DD en calquer momento, aínda estando en réxime de reparación.**

12.2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

Artigo 13 PUNTUACIÓNS.

13.1.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións, serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3	4º	5º
5	4	3	2	1

13.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch (Clase A e Clase B):

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

13.2.1.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

13.3.- Os puntos obtidos dacordo co indicado nos apartados 13.1 e 13.2 serán sumados o total da proba considerada. Se algún regulamento prevé clasificacións distintas das anteriores, soamente se terá en conta as clasificacións, que o presente regulamento establece. Para os Campionatos de Galicia das Clases obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a Clase A ou Clase B (independentes).

Artigo 14 CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.

14.1.- A clasificación final do Campionato de Galicia de Rallymix será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.

14.2.- Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos unha.

14.3.- Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

Artigo 15 EMPATES.

Si na clasificación final varios participantes tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfizera o cita- do empate. De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

Artigo 16 CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX.

DATA	PROBA	ESCUDERIA

Artigo 17.- PENALIZACIÓNS.

As penalizacións son as previstas no Regulamento Xeral de Rallymix 2024.

Artigo 18.- SISTEMA GPS.

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións Técnicas no soporte previamente instalado polo participante no seu vehículo nun lugar visible e accesible para a súa manipulación sen necesidade de desatarse. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar a Organización ós equipos de posibles incidencias ou bandeiras roxas. Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

18.1-Entrega devolución do aparello GPS:

18.1a- A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase ao finalizar a proba, a un membro da organización designado a tal efecto que se encontrará situado antes do parque de traballo.

18.1b- En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Autobús FGA) situado no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

18.1c- A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.

18.1d- O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que ó devolvelo o faga en condicións defectuosas de non ser por accidente, será obxecto dunha multa de 1.000 Euros a pagar ó Organizador.

Artigo 19.- PREMIOS E TROFEOS.

Ó final da tempada previo escrutinio dos resultados outorgaranse os seguintes galardóns a:

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX (CLASE A) E (CLASE B)

Campión	Trofeo F.G.A.
Sub-Campión	Trofeo F.G.A.

COPAS DE GALICIA DE RALLYMIX

Campión Agrupación 1, 2, 3, 4, 5, 6, SSV	Trofeo F.G.A.
Campión Copilotos	Trofeo F.G.A.
Sub-Campión Copilotos	Trofeo F.G.A.
Campiona Escuderías	Trofeo F.G.A.

Artigo 20.- OBSERVADOR.

A puntuación que emitirá, no informe, o Observador da F.G. de A., será vinculante para as valoracións que a Federación realice da proba para os efectos que estime oportuno.